

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **14 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Francisco José Fraga Civeira	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2018 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Francisco José Fraga Civeira, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
DEPUTADOS/AS:	
D. Rosendo Luís Fernández Fernández	
D. Jorge Pumar Tesouro	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. Pablo Pérez Pérez	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. Vicente Gómez García	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2018

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2018, non se formulan observacións, quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE N.º 1/2018.-

O Sr. interventor expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos e das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2018, modificando a base quinta para dar de baixa na aplicación 42211/489.06 ao beneficiario “Cámara de Comercio de Ourense” e para crear a partida orzamentaria 42211/479.00 “Outras subvencións a empresas privadas”, dotando a Suzuki Motor Ibérica, SA cun importe de 60.000,00 € para promoción turística da provincia de Ourense nos distintos soportes do equipo oficial de Suzuki Motor Ibérica no “Campeonato de España de Rallyes 2018”. O importe restante será para dotar ás partidas de formación de emprendedores e actividades turísticas segundo o detalle da táboa seguinte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Suzuki Motor Ibérica, SA	Promoción turística de Ourense no equipo oficial no “Campeonato de España de Rallyes 2018”.	60.000,00 €
Total:		60.000,00 €

APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO		APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO	
Aplicación	Importe €	Aplicación	Importe €
42211/489.06 Asociacións sen ánimo de lucro	100.000,00 €	42211/226.17 Gastos formación emprendedores	15.000,00 €
		42211/226.16 Actividades de turismo	25.000,00 €
		42211/479.00 Outras subvencións a empresas privadas	60.000,00 €
Total	100.000,00 €	Total	100.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que no seu día o seu grupo solicitou o estado de execución do orzamento, el na sesión anterior solicitaron que se lles remitise cando estivese dispoñible a liquidación de 2017. Pregunta se a dita liquidación está concluída, lembrando que o prazo para formalizala vence o 28 de febreiro.

O **Sr. interventor** di que se está aínda rematando nestes días, coa realización dos últimos axustes.

O **presidente da comisión** pregúntalle ao interventor se pide adiantar cales serán aproximadamente as magnitudes orzamentarias resultantes da dita liquidación.

O **Sr. interventor** di que este ano hai que facer especial fincapé no cumprimento da regra do gasto como elemento esencial.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.